

NATUREZA XURÍDICA DOS REQUISITOS OBXECTIVOS  
E FORMAIS PARA ADQUIRIR A CONDICIÓ DE SOCIO  
NUNHA COOPERATIVA SEGUNDO O DL 1/1992 DO 10 DE  
FEBREIRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO  
DA LEI DE COOPERATIVAS EN CATALUÑA. COMENTARIO  
Á SENTENZA Nº 36 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE  
XUSTIZA DE CATALUÑA DO 24 DE XULLO DO 2017

*LEGAL NATURE OF THE FORMAL AND OBJECTIVE  
REQUIREMENTS TO ACQUIRE THE CONDITION OF  
PARTNER IN A COOPERATIVE ACCORDING TO THE  
DL 1/1992 OF THE 10<sup>TH</sup> OF FEBRUARY. COMMENTARY  
OF THE JUDGMENT NUMBER 36 OF THE TSJ OF  
CATALUÑA, PRONOUNCED THE 24<sup>TH</sup> OF JULY OF 2017*

ISABEL SÁNCHEZ CABANELAS\*

---

\* Avogada do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Dirección de correo electrónico: isabel.cabanelas@gmail.com



O obxecto deste comentario é a sentenza nº36 da Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña ditada o 24 de xullo do 2017 no recurso de casación e extraordinario por infracción procesal nº 231/2016 interposto contra a sentenza de data 17 de outubro do 2016 ditada en grado de apelación pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Lleida no rollo de apelación nº 623/15 a raíz das actuacións no procedemento ordinario nº 5/14 seguidas ante o Xuzgado do Mercantil nº1 de Lleida.

A sentenza desestima o recurso de casación interposto e confirma a sentenza da Audiencia recoñecendo o dereito de ACTEL SCCL a que lle sexan devoltas as achegas ao capital social de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL ao ter causado baixa nesta cooperativa. Asemade recoñece o dereito a que se lle abonen os xuros de demora fixados na lei dende o 30 de setembro do 2000 que é a data da súa baixa como socia.

## 1 ANTECEDENTES

AGROLÉS SCCL (absorbida posteriormente por ACTEL SCCL) é unha cooperativa produtora de aceite que no ano 1993 entra a formar parte como socia da cooperativa AGROINDUSTRIAL CATALANA, SCCL. A adquisición da condición de socia non segue as regras formais de admisión contidas no artigo 16.1 do DL 1/1992 do 10 de febreiro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Cooperativas en Cataluña, nen as regras relativas á acreditación das achegas ao capital social contidas no artigo 51.1 do citado Decreto que era a norma en vigor no ano 1993, hoxe en día derogada.

Sete anos despois, no ano 2000, AGROLÉS SCCL solicita a súa baixa como socia de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL non obtendo resposta algunha á súa solicitude.

Ante a ausencia de resposta, AGROLÉS SCCL, formula demanda de procedemento ordinario nº 5/14 ante o Xuzgado do Mercantil nº1 de Lleida, solicitando a devolución das achegas ao capital social por ter causado baixa na cooperativa AGROINDUSTRIAL CATALANA. O Xuzgado dita sentenza o 7 de xullo do 2015 na que desestima a demanda presentada.

Contra esta sentenza, AGROLÉS SCCL, interpón recurso de apelación ante a Sección Segunda da Audiencia Provincial de Lleida que resolve por sentenza de 17 de outubro do 2016 na que estima o recurso de apelación, revogando a sentenza do 7 de xullo do 2015 e declarando o dereito de AGROLÉS SCCL ao reembolso da súa achega ao capital social de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL, que se fixa no importe de 204.512,77 euros, máis os xuros calculados ao tipo básico do Banco de España incrementados en 3 puntos dende a data da baixa como socia.

A sentenza da Audiencia é recurrida por AGROINDUSTRIAL CATALANA, SCCL, mediante a interposición de sendos recursos: un recurso de casación por interés casacional e, asemade, un recurso extraordinario por infracción procesal.

O Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña por auto de data 23 de marzo do 2017 inadmite a trámite o recurso extraordinario por infracción procesal e admite a trámite únicamente o motivo terceiro do recurso de casación por non existir doutrina legal en relación co artigo 16.1 do Decreto Lexislativo 1/1992 do 10 de febreiro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Cooperativas en Cataluña, que regula a admisión de novos socios cooperativistas nas sociedades cooperativas e no artigo 51.1 que regula a acreditación das achegas sociais.

Fundamenta a recorrente o seu recurso no suposto carácter imperativo das normas que regulan a adquisición da condición de socio na cooperativa, tanto no seu aspecto obxectivo como na súa dimensión formal o que implicaría que estas normas de dereito necesario non poidan ser descoñecidas polas partes.

En atención ao anteriormente exposto, sostén a recorrente que, como non consta documento algún que acredite que AGROLÉS SCCL solicitou ao Consello Reitor de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL a súa incorporación como socia, nin documento que acredite resposta algunha do Consello a esa hipotética solicitude, nin documento que acredite que a cantidade reclamada é unha achega ao capital social feita por AGROLÉS SCCL para adquirir a condición de socia en AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL, non se pode admitir a demanda pois non se dan os requisitos obxectivos nen formais que existen tanto o DL 1/1992 (artigos 16.1 e 51.1) como os estatutos sociais para considerar a AGROLÉS SCCL socia de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL.

Fronte a esta argumentación sostida polo recorrente no recurso de casación, o 24 de xullo do 2017, o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña falla desestimando o recurso interposto por AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL contra a sentenza de data 17 de outubro do 2016 ditada pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Lleida, confirmándoa íntegramente.

## 2 COMENTARIO

O tema de fondo que trata o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña neste recurso de casación é determinar se cumprindo os requisitos obxectivos que establecen as leis e os estatutos para ser socio dunha cooperativa e incumprindo os requisitos formais no acto de adhesión, implica a nulidade absoluta do acto e polo tanto impide a adquisición da condición de socio, ou ben se estes defectos formais poden ser subsanables. É dicir, o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña terá que fallar neste recurso de casación se as normas contidas no art 16.1 e 51.1 do DL 1/1992 son normas de natureza imperativa e polo tanto de obrigado cumprimento.

O DL 1/1992 do 10 de febreiro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Cooperativas de Cataluña, en vigor no caso que nos ocupa, establece no seu artigo 16.1 que para adquirir a condición de socio nunha cooperativa deben cumprirse os requisitos obxectivos que fixen os estatutos.

Asemade, o citado artigo do DL 1/1992 establece que o procedemento para a admisión como socio comezará cunha solicitude dirixida ao Consello Reitor da cooperativa. O Consello deberá resolver dita solicitude nun prazo non superior a dous meses dende a súa recepción. A solicitude de admisión irá acompañada da correspondente achega ao capital social da cooperativa na forma establecida no artigo 51.1. O Consello só poderá rexeitar a admisión como socia polos motivos establecidos na lei ou nos Estatutos sociais.

Por último, no tocante á forma de acreditar as achegas ao capital social o DL no artigo 51.1 sinala que, o capital social dunha cooperativa está constituído polas achegas dos socios e dos adheridos, obrigatorias e voluntarias, que se acreditarán mediante títulos ou libretas de participación nominativa. As libretas reflexarán con claridade tanto as achegas como as actualizacións destas, así como os xuros e os excesos de percepción que se acorde capitalizar. As achegas dos adheridos ao capital social acreditaranse mediante títulos nominativos especiais.

Á vista dos preceptos legais citados e dos feitos probados ao longo do procedemento e a diferenza do sostido pola recorrente o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, respecto aos requisitos obxectivos para ser socio dunha cooperativa di que: *“Debe ya rechazarse que la actora no cumpla con los requisitos objetivos que exige la Cooperativa toda vez que la Sentencia de la Audiencia da por probado que en el año 1993 la demandada había cambiado el art 5 de sus Estatutos precisamente para dar cabida a otras cooperativas productoras de aceite tal y como permite la legislación”*.

Así, o afirmado polo Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña supón recoñecer que AGROLÉS SCCL cumpriu os requisitos obxectivos necesarios para adquirir a condición de socia de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL.

Cumpridos os requisitos obxectivos, quedaría determinar que sucede co cumprimento dos requisitos de carácter formal. Afirmo a recorrente no seu escrito que *“en tanto no se acredita en los autos que la cooperativa demandante solicitase por escrito su entrada en la cooperativa, ni de su inscripción en el libro de socios, la demanda de reembolso de las aportaciones sociales debe ser desestimada”*. Contrariamente ao afirmado pola recorrente, entenden os maxistrados que: *“... siendo cierto que no aparece en los autos el documento de afiliación a la cooperativa ni el nombre de la actora en el libro de socios de la demandada, tales circunstancias, a la vista de los hechos declarados probados en la sentencia, ni pueden avalar la retención de las aportaciones realizadas ni mucho menos cambiar la causa motivadora de la prestación de Agrolés SCCL en el año 1993”*.

A postura do Tribunal, ben amparada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, en concreto pola sentenza do 16 de abril do 1993 e a sentenza da Sala 1ª nº841/2011, do 14 de novembro que establecen que os actos realizados sen seguir os preceptos legais serán anulables e poderán ser convalidados polo transcurso do tempo se ninguén os impugna mentres que a nulidade absoluta dun acto ou contrato só se produce se estes vulneran directamente unha norma imperativa ou prohibitiva. Para determinar se estamos ante unha norma dispositiva ou prohibitiva teremos que atender aos intereses que protexe e ao grao de intensidade, de xeito que non é posible sancionar coa nulidade a infracción do precepto estatutario ao que remite a Lei de cooperativas xa que a finalidade perseguida pola Lei e os Estatutos violados cumpriuse por outra vía. Así, a vontade de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL de admitir como socio a AGROLÉS SCCL queda acreditada no procedemento entre outros feitos pola modificación dos seus estatutos sociais para dar entrada a AGROLÉS SCCL ou pola ampliación de capital social que se corresponde coa achega que en concepto de capital social fai AGROLÉS SCCL.

Do mesmo xeito, e contrariamente ao sostido pola recurrente, o Tribunal di que o incumprimento dos requisitos formais para adquirir a condición de socio non ten carácter esencial xa que, tanto no dereito español coma no catalán, rexe o principio de liberdade de forma salvo que a lei determine expresamente o contrario. Polo tanto o incumprimento dos requisitos formais para adquirir a condición de socio non impide que AGROLÉS SCCL sexa considerada socia de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL a tódolos efectos toda vez que *“ambas partes han reconocido esa condición durante casi 20 años, cumpliéndose la finalidad pretendida por el legislador con la forma (finalidad probatoria y de publicidad), de otro modo”*.

Polo tanto, serían suficientes os dous principios antes expostos: o de anulabilidade fronte á nulidade absoluta dos actos e o de liberdade de forma para afirmar que no caso que nos ocupa o incumprimento dos requisitos formais na adquisición da condición de socio da cooperativa non impide a adhesión á mesma. A maiores, o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña engade dous argumentos máis apoiando o carácter dispositivo e non imperativo dos requisitos de forma. Neste senso, afirma o Tribunal que no dereito civil catalán opera o principio de boa fe e a doutrina dos propios actos que impiden que ninguén poida facer valer un dereito ou unha facultade que contradiga a conduta propia observada con anterioridade se esa tiña unha significación inequívoca da cal derivan consecuencias xurídicas incompatibles coa pretensión actual. O cumprimento dos principios enunciados implica segundo o Tribunal que *“... partiendo de los hechos declarados probados por la sentencia es claro que la conducta posterior a la entrega del dinero de la cooperativa demandada consignando las aportaciones como capital social, aprobando las cuentas en Juntas generales y registrándolas en Registros públicos,*

*constituyen actos vinculantes que ahora no puede impugnar ni desconocer sin vulnerar las exigencias del principio de buena fe”.*

En atención ao anteriormente exposto, o Tribunal entende que o incumprimento dos requisitos tanto obxectivos como de forma no acto de adhesión de AGROLÉS SCCL a AGROINDUSTRIAL CATALANA, SCCL, non implica que o acto de adhesión sexa nulo de pleno dereito como pretende a recurrente. A sensu contrario, os feitos probados ao longo do procedemento, o principio de anulabilidade fronte a nulidade, o principio de liberdade de forma o principio de boa fe e a doutrina dos propios actos permiten afirmar sen ningún xénero de dúbida que AGROLÉS SCCL era socia de AGROINDUSTRIAL CATALANA SCCL e, como tal socia, fixo a súa achega ao capital social, achega que reclama unha vez que causa baixa na cooperativa.

Para rematar, é preciso sinalar que, tendo en conta o novo marco normativo en Cataluña, Lei 12/2015, de 9 de xullo, de cooperativas debe entenderse que o sentido da nova Lei non variou respecto das regras previstas no DL 1/1992 relativas á adquisición da condición de socio dunha cooperativa que tanto no seu aspecto obxectivo como formal deben entenderse normas de dereito dispositivo e non normas de dereito necesario ou imperativo polo que o seu incumprimento implicaría a anulabilidade do acto de adhesión pero non a nulidade absoluta do mesmo.